



3ª ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (ACTUAL CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES) E A FUNDACIÓN INSTITUTO FEIRAL DE VIGO (IFEVI) PARA REGULAR O RÉXIME DE COORDINACIÓN DA PROGRAMACIÓN DAS ACTIVIDADES DEPORTIVAS E FEIRAIS E AS ACTIVIDADES DE MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DO MÓDULO DE ATLETISMO INSTALADO NO PAVILLÓN Nº 5 DO IFEVI

Santiago de Compostela, 2025

Don Diego Calvo Pouso, conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e o Decreto 44/2024 polo que se nomea aos titulares das consellerías da Xunta de Galicia no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Don Arsenio F. Prieto Martínez, con DNI 32.400.664-N, actuando en nome e representación da Fundación Instituto Feiral de Vigo, en calidade de director-xerente, en cumprimento das funcións que ten encomendadas en virtude do disposto no artigo 28 dos estatutos da fundación.

As partes recoñécense mutuamente, na calidade en que interveñen, capacidade legal suficiente para o outorgamento desta addenda e para o efecto,

E X P O Ñ E N

I.- O 01.03.2023 subscribiuse o convenio de colaboración entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (na actualidade Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes) e a Fundación Instituto Feiral de Vigo (IFEVI) para regular o réxime de coordinación da programación das actividades deportivas e feirais e as actividades de mantemento, conservación e funcionamento do módulo de atletismo instalado no pavillón nº 5 do IFEVI.

II.- O 03.05.2024 subscribiuse unha addenda ao convenio anterior entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (na actualidade Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes) e a Fundación Instituto Feiral de Vigo (IFEVI) para regular o réxime de coordinación da programación das actividades deportivas e feirais e as actividades de mantemento, conservación e funcionamento do módulo de atletismo instalado no pavillón nº 5 do IFEVI.

Nesta addenda acórdase modificar o prazo establecido para o uso deportivo do módulo de atletismo, establecido na cláusula segunda que supoñía interromper este uso o día 1 de maio e retomalo o día 1 de novembro, de



maneira que se prorrogue de forma continua o uso deportivo do módulo de atletismo ata o fin da vixencia do convenio, isto é ata o día 31 de decembro de 2024 e mantendo sempre a compatibilidade deste uso co uso feiral da instalación.

III.- De acordo con este convenio, a Fundación IFEVI faise cargo de todas as obrigas necesarias para o bo funcionamento, mantemento e conservación xunto coa organización dos eventos deportivos e a Secretaría Xeral para o Deporte, aporta para compensar os gastos no que incorra o IFEVI no exercicio das súas obrigas o financiamento establecido na cláusula sexta do convenio que supón un importe total de 200.000,00€ imputables á aplicación orzamentaria e anualidades que de seguido se identifican:

- Aplicación orzamentaria: 06.02.441A.226.99
- Anualidade 2023: 80.000,00€
- Anualidade 2024: 120.000,00€

IV.- Na cláusula novena do convenio establececese que o período de vixencia comezará ao día seguinte da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024, podendo prorrogarse de forma expresa por acordo das partes, mediante a sinatura dunha addenda tramitada consonte o procedemento legalmente establecido, por anos naturais, cunha duración máxima de ata dous anos adicionais.

V.- Con data 18.10.2024 a Secretaria Xeral para o Deporte solicita a prórroga do convenio polo período de un ano máis, isto é ata o 31.12.2025 e mantendo tanto a colaboración financeira por un importe máximo anual de 120.000,00 euros, como o período de uso deportivo do módulo de atletismo acordado na addenda do 03.05.2024, que abarca toda a vixencia do convenio. Asinando a addenda ao convenio con data do 19.12.2024.

VI.- Con data 26.09.2025 reúnese a Comisión Técnica prevista na cláusula oitava do convenio integrada por dous representantes da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e un representante do IFEVI e propoñen formalizar unha addenda para prorrogar o convenio polo período dun ano, tal e como se establece na cláusula novena de dito convenio. De acordo con esta proposta, o día 18.10.2025 a Secretaría Xeral para o Deporte solicita prorrogar a vixencia do convenio ata o 31.12.2026 e manter a achega máxima anual.

VII.- Posto que as partes están de acordo coa prórroga do convenio en tanto en canto a xestión deportiva do recinto se está a desenvolver nunhas condicións óptimas

En consecuencia,





ACORDAN

Subscribir unha Addenda ao convenio pola que se establece a prórroga do convenio asinado o 01.03.2023 segundo as seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- Financiamento

Como compensación dos gastos nos que incorre a Fundación Instituto Feiral de Vigo na xestión e a realización das actividades de mantemento, conservación e funcionamento do módulo de atletismo instalado no pavillón nº 5 do IFEVI, a Secretaría Xeral para o Deporte manterá a colaboración cun importe de 120.000,00 €, imputables á aplicación orzamentaria e anualidade que deseguido se identifica:

- APLICACIÓN ORZAMENTARIA: 05.02.441A.226.99
- Anualidade 2026: 120.000,00 €

Para o cálculo do importe compensatorio máximo tomouse en consideración o orzamento de gastos total previsto polo Padroado da Fundación para o ano 2025. Neste sentido os gastos xerais anuais da Fundación IFEVI ascenden a 2.111.609,00 € e a compensación supón o 5,683 % dos gastos do funcionamento do recinto, contravalor fixado segundo criterios de uso deportivo do recinto.

Coa incorporación desta anualidade 2026, xunto coa anualidade 2025 e as dúas previstas no convenio asinado o 1 de marzo de 2023 (anualidades 2023 e 2024), a colaboración total da Secretaría Xeral de Deportes na compensación dos gastos nos que incorre a Fundación IFEVI na xestión e a realización das actividades de mantemento, conservación e funcionamento, ascende a 440.000,00 €.

Tal e como se establece no convenio que se prorroga a colaboración financeira da Secretaría Xeral para o Deporte neste convenio non terá o carácter de prezo, senón de achega que se realiza para compensar á Fundación IFEVI dos gastos nos que efectivamente incorra como consecuencia do cumprimento obxecto do convenio.

O aboamento da citada cantidade farase nos mesmos termos que veñen establecidos no convenio, que son os seguintes:

1. Un primeiro pago, a 1 de marzo, polo importe xustificado mediante a presentación, por parte da Fundación, das facturas e documentación acreditativa que se corresponda cos gastos e pagos xerados pola xestión,





mantemento, conservación, limpeza, uso e funcionamento do módulo de atletismo durante o uso deportivo dos meses de xaneiro e febreiro.

2. Un segundo pago, a 1 de maio, polo importe xustificado mediante a presentación, por parte da Fundación, das facturas e documentación acreditativa que se corresponda cos gastos e pagos xerados polo mantemento, conservación e funcionamento do módulo de atletismo durante o uso deportivo dos meses de marzo e abril.

3. Un último pago, polo importe restante da correspondente anualidade, a 30 de decembro, unha vez xustificado mediante a presentación, por parte da Fundación, das facturas e documentación acreditativa que se corresponda cos gastos e pagos xerados pola xestión, mantemento, conservación, limpeza, uso e funcionamento do módulo de atletismo durante o último período de uso deportivo.

No caso de que se prorrogue o convenio neste último pago se procederá da mesma forma que na anualidade 2024, a 26 de decembro, unha vez xustificado mediante a presentación, por parte da Fundación, das facturas e documentación acreditativa que se corresponda cos gastos e pagos xerados pola xestión, mantemento, conservación, limpeza, uso e funcionamento do módulo de atletismo durante o último período, sen prexuízo de poder xustificar no primeiro pago da anualidade do 2027 os gastos e pagos nos que se incorreran neste período e non se incluíran na xustificación.

Segunda.- Uso deportivo do módulo de atletismo

Mantense o uso deportivo do módulo cuberto de atletismo nos mesmos termos acordados na addenda subscria o 03.05.2024, isto é que abarcará ata o fin da vixencia do convenio e mantendo sempre a compatibilidade deste uso co uso feiral da instalación.

Terceira.- Vixencia do convenio

As partes, acordan prorrogar o período de vixencia do convenio asinado o 01.03.2023 ata o 31 de decembro de 2026.

Cuarta.- Publicidade e rexistro

As partes asinantes da addenda manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste addenda, así como o resto das especificacións contidas na mesma, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e de sancións administrativas da Xunta de



Galicia, o concello consinte expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos á subvención obxecto deste convenio nos rexistros públicos citados, creados polos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

Así mesmo consinte na publicación da addenda que esixe a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno no artigo 15 referido ás obrigas específicas de información sobre convenios.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan a presente addenda na data e hora sinaladas na sinatura electrónica.

O conselleiro de Presidencia,
Xustiza e Deportes

Diego Calvo Pouso

O Director Xerente de IFEVI

Arsenio F.Prieto Martínez

